



# ASOPORCEL

Publicación da Asociación de Criadores de Gando Porcino Celta | Nº 9 | Xaneiro 2016

**José Manuel Iglesias Espiño**

Aposta decidida polo Porco Celta

**Balance económico**

06

10

**DIVULGACIÓN, PROMOCIÓN  
E DIFUSIÓN NO 2015**

03

**EVOLUCIÓN DO LIBRO XENEALÓXICO**

08

**RAZA 100% AUTÓCTONA CELTA**

12



**FEADER**  
Europa inviste no rural



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL



# Ilusión e esforzo

Amigos e amigas do Porco Celta,

Como xa saberedes moitos de vós, e a todos aqueles que non me coñecen, aproveito a ocasión que me brinda esta publicación, o número 9 da Revista ASOPORCEL, para presentarme como novo presidente da Asociación de Criadores de Gando Porcino Celta. O meu nome é Javier Vázquez Prado e súpome ao ilusionante e importante proxecto do Porco Celta co compromiso de traballar arreo para sacar adiante todos os proxectos e obxectivos que a Asociación se marca no día a día.

A miña chegada a ASOPORCEL ven marcada pola modestia, a ilusión e o esforzo a prol da nosa querida Raza Porcina Celta. Modestia porque me considero un compañeiro máis que adicará todo o seu esforzo a traballar por mellorar a Raza e dar a coñecer a calidade dos seus produtos, por consolidar e expandir o Porco Celta non só na nosa terra senón tamén nos mercados nacionais e internacionais. Esforzo sustentado por unha ilusión enorme de formar parte dun proxecto, o do Porco Celta, apaixonante e de crecente importancia no noso medio rural.

Desde esta nova edición da Revista ASOPORCEL dirixome a vós co obxecto de salientar diversos aspectos que rodean e determinan a realidade da nosa raza porcina autóctona galega, o Porco Celta, en concreto ao longo do ano 2015 que acabamos de pechar.

Durante o 2015, como leredes a continuación, a Asociación organizou e participou en todo tipo de actividades co obxectivo de mellorar e promocionar a nosa Raza. Falamos de festas gastronómicas, exposicións, feiras e xornadas alimentarias; congresos, encontros e xornadas; concursos e festas temáticas. Un importante abano de accións, non só por toda a xeografía galega, senón tamén no resto da Península, que serviron para amosar o traballo dunha Asociación consolidada e entregada á defensa do Porco Celta.

Quizais o logro máis importante acadado a finais de ano é o compromiso acadado coa Consellería do Medio Rural de renovar o convenio de colaboración que temos coa citada Consellería, o cal supón unha aportación económica moi importante que ASOPORCEL destinará a seguir traballando polo avance e mellora da nosa Raza Porcina Celta. Como sabedes a nosa Asociación é una entidade colaboradora da Consellería do Medio Rural nas actividades do Programa de recuperación, conservación e fomento dos recursos zootécnicos autóctonos de Galicia en perigo de extinción, e en concreto do Porco Celta.



Por iso, a aposta que a Consellería do Medio Rural leva a cabo sobre o proxecto do Porco Celta, e que se plasma neste convenio, non caerá en saco roto. Pois os beneficios económicos e sociais que xera a Raza Porco Celta en Galicia son certamente significativos.

Tamén estamos a piques de acadar co Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente a consecución do logotipo “Raza Autóctona 100% Celta” que supora un importante reforzo ao etiquetado de todos os produtos da raza Porcina Celta. Logotipo que, unido á marca colectiva “Porcodelta” será garante da trazabilidade e calidade dos nosos produtos.

Non quero rematar sin recalcar que sodes vós, socios e socias de ASOPORCEL, os verdadeiros protagonistas da Raza. Gracias ao voso esforzo e adicación é que a Raza pervive e se consolida paulatinamente nos mercados e nas explotacións. Por iso quero pedirvos que non vos desanimedes, que sigades traballando arreo pola Raza Porcina Celta, porque estaremos aí para apoiarnos e axudarvos en todo canto poidamos. Sabede que estou á vosa enteira disposición para o que queirades e necesitedes.

Sen máis despidome, reiterando a miña gratitude e animándovos a seguir traballando polo noso Porco Celta. Para o vindeiro ano 2016 estamos xa a pechar importantes proxectos e actividades que contribuirán ao noso crecemento como Asociación e a incrementar a importancia da nosa Raza, o Porco Celta. Ánimo pois para todos no quefacer diario pola nosa Raza Porcina Celta.

**Javier Vázquez Prado**  
Presidente de ASOPORCEL

## Sumario

- 03 Novas | Divulgación, promoción e difusión no ano 2015
- 06 Entrevista | José Manuel Iglesias Espiño, aposta decidida polo Porco Celta
- 07 Novas | Proxecto piloto: extracción de seme en fresco
- 08 Sección técnica | Evolución do Libro Xenealóxico
- 10 Novas | Balance económico
- 11 Novas | Medio Rural e ASOPORCEL renovarán a súa colaboración
- Novas | Auditoría
- Novas | Soutos Galegos
- Novas | Enlaces axudas abertas
- 12 Porco Celta: Raza 100% autóctona

**ASOPORCEL**  
Asociación de Criadores de Gando Porcino Celta

Pazo de Feiras e Congresos de Lugo  
Avda. dos Deportes s/n, Lugo 27004

tel 982 226 252 | 982 285 214  
fax 982 285 209

Edita: ASOPORCEL

Produce: Ancaria | [www.ancaria.eu](http://www.ancaria.eu)

Fotografía: Arquivo ASOPORCEL e Ancaria

[www.asoporcel.com](http://www.asoporcel.com)

# Divulgación, promoción e difusión no ano 2015

ASOPORCEL continua realizando diversas actividades encamiñadas a divulgación, promoción e difusión da raza porcina Celta, dos seus valores produtivos e produtos derivados.

Na realización de actos promocionais e de divulgación hai que ter en conta unha premisa básica: para poder completar o ciclo produtivo da raza cómpre promover tamén os seus produtos derivados finais de cara ao mercado e ao consumidor para que así a demanda siga incrementándose e aumente de forma directa o número de cebos que, a súa vez, implicarán un fomento na cría e reprodución e un avance da raza e dos seus produtores en xeral.

Entre as actividades que se realizan cabe destacar a presenza en feiras do sector, charlas formativas e xornadas gastronómicas para a exaltación das bondades da carne e derivados do porco Celta.

## Feiras especializadas

### CIMAG-GandAgro

ASOPORCEL participou un ano máis na feira Profesional de Maquinaria, Agricultura e Gandería Cimag-Gandagro 2015 (do 19-21 de febreiro de 2015 no recinto feiral de Silleda).

Estiveron expostos animais vivos da raza autóctona porcina Celta.



### Semana Verde de Silleda

ASOPORCEL participou un ano máis na SEMANA VERDE 2015 (do 11-14 de xuño) na cal estiveron expostos animais vivos da raza autóctona porcina Celta, de diferentes idades (dende leitóns a nais) e sexos.

Esta nova edición da feira celebrada en Silleda (Pontevedra) contou con 500 firmas expositoras de 20 países, tiveron lugar máis de 150 actividades e superáronse os 100.000 visitantes durante os seus catro días de celebración.

Durante a inauguración do certame, a comitiva institucional visitou o stand de ASOPORCEL, comitiva encabezada por Alberto Núñez Feijoo, presidente da Xunta de Galicia, quen estivo acompañado por Alfonso Rueda, vicepresidente da Xunta e por Rosa Quintana, Conselleira do Medio Rural e do Mar, entre outras moitas autoridades.

### MAGRECO

ASOPORCEL participou en MAGRECO, a Feira da Maquinaria Agrícola e Produtos Ecolóxicos de Boimorto que nace no 2012 e a día de hoxe ten especial relevancia por apostar polo tradicional e polo rural galego.

ASOPORCEL participou cun stand onde os visitantes podían atopar información sobre o porco Celta e as súas bondades.

### SALIMAT

ASOPORCEL estivo presente cun stand na 19 edición do Salón da Alimentación do Atlántico. Asemade tamén estiveron presentes cinco industrias transformadoras adscritas o plan de comercialización da marca rexistrada Porco Celta. Tiveron lugar neste evento uns encontros de negocio no que participaron as industrias e que permiten ampliar o mercado do porco Celta a nivel nacional e internacional.



# Xornadas gastronómicas

## VII Festa do Cocido de Porco Celta en Sarria

Como vén sendo habitual un ano máis celebrouse nesta vila o xa tradicional Cocido de Porco Celta e ASOPORCEL colabora na organización de tal evento.

A Comarca de Sarria ten un importante peso en Galicia na produción de Porco Celta xa que alí se creou o primeiro núcleo de poboación (Triacastela) e se fundou ASOPORCEL.




## V Cita Gastronómica co Porco Celta en Taboada

O 14 e 15 de febreiro tivo lugar en Taboada unha xornada gastronómica para a exaltación de carne de Porco Celta. ASOPORCEL participou en dito evento coa cesión de produto de Porco Celta para a súa promoción.



## Cocido Day

O pasado 15 de marzo de 2015 ASOPORCEL participou no Cocido Day que tivo lugar no Pazo de Rubiáns (Vilagarcía de Arousa). Púidose degustar diferentes produtos de Porco Celta cedidos por ASOPORCEL.



# Xornadas informativas


## Xornada técnica en GandAgro

ASOPORCEL organizou unha xornada técnica titulada: *“Resultado do estudo da potencialidade da raza porcina Celta: integración dos cebadeiros de Porco Celta coas industrias adscritas á Marca Europea Rexistrada”*. A esta charla puido asistir todo público interesado e amosáronse as conclusións acadadas nun estudo da potencialidade da raza porcina Celta así como a integración dos cebadeiros coas industrias adscritas a marca rexistrada europea Porco Celta, realizado con anterioridade cofinanciado por fondos FEADER.



## Xornada de coñecementos da experiencia piloto para a mellora do sector porcino na comarca do Deza

O pasado 11 de marzo ASOPORCEL participou, de forma desinteresada, nunha mesa técnica e de traballo na Xornada de transferencia de coñecementos da experiencia piloto para a mellora do sector porcino na comarca do Deza. A Asociación está así presente en todas as accións nas que o Porco Celta é o protagonista.



CRTVG | <http://goo.gl/GdIRBT>

## Xornada sobre a produción e calidade de carne de Porco Celta en Galicia

O día 26 de marzo tivo lugar en Monterroso (Lugo) unha xornada técnica titulada *“A produción e calidade da carne de Porco Celta en Galicia”* a que asistiron numerosos interesados na cría desta raza autóctona galega e outros que xa están involucrados no proxecto.



## Xornada técnica Semana Verde 2015

A Asociación de Criadores de Gando Porcino Celta (ASOPORCEL) organizou una xornada técnica aproveitando a celebración da Semana Verde 2015 titulada “Asesoramento no cebo de Porco Celta segundo a demanda” para que sirva como ferramenta na mellora da produción de Porco Celta.



Semana Verde  
<http://goo.gl/oXVGhp>

## Encontro en Vimianzo Slow Food

No encontro que tivo lugar en Vimianzo ASOPORCEL amosou o proxecto de recuperación do Porco Celta, iniciativa que espertou gran interese entre os membros de Slow Food Internacional.

Unha vez coñecidas as iniciativas, Paolo Di Croce explicou que os distintos departamentos de Slow Food Internacional estudarán a posibilidade de poder levar a cabo proxectos co Porco Celta.



## O futuro do agro galego en Irmandade TV

ASOPORCEL participou nun debate organizado por Irmandade TV onde se abordou o sector agrogandeiro, facendo unha mención especial ao Porco Celta coma unha maneira de explotación e limpeza do monte galego.



YouTube | Irmandade TV  
<https://goo.gl/MvnL2U>

## Charla sobre experiencias sostibles no monte galego: Eira da Xoana

ASOPORCEL participou outro ano máis na Eira da Xoana (Proxecto comunitario de recuperación e posta en valor da cultura e medio ambiente galego). Neste evento tivo lugar unha charla na que o porco Celta tivo unha gran importancia. Cada unha das experiencias expostas sobre o monte galego foron detalladas polo miúdo nun libro.



Experiencias sostibles no monte galego  
<http://goo.gl/KoSRge>





# José Manuel Iglesias Espiño, aposta decidida polo Porco Celta



Neste número 9 da Revista ASOPORCEL retomamos as entrevistas cos nosos socios gandeiros, verdadeiros protagonistas e artífices do éxito do Porco Celta. Así, nesta ocasión conversamos cun gandeiro novo pero experimentado que desde hai un ano decidiu implicarse a fondo coa nosa Raza, José Manuel Iglesias.

No monte veciñal Carballo de Friol (Lugo) conta cunha explotación en extensivo cun centenar de exemplares.

Como veremos a continuación, nela apostou polas novas tecnoloxías coa instalación dun sistema de alimentación baseado no reflexo condicionado que lle está a dar moi bos resultados.

Conversamos pois con José Manuel.

## Cando incorporastes o Porco Celta á vosa explotación?

Comezamos a nosa andaina no Porco Celta no mes de marzo de 2015, cun centenar de exemplares. A finais de ano, levamos a cabo os primeiros sacrificios e neste 2016 veremos os primeiros resultados.

## Por que vos decidistes a apostar pola raza porcina Celta?

A nosa aposta polas razas autóctonas galegas nace hai 8 anos cando nos iniciamos no proxecto do cabalo de Pura Raza Galega, raza pola que seguimos apostando hoxe en día. Entón, como a experiencia co cabalo era boa, decidimos probar tamén co Porco Celta. Primeiro porque é unha raza autóctona rústica e porque é nosa, era a que había nas nosas casas hai moitos anos. Este é outro motivo tamén para incorporala: foi unha raza que estivo a piques de perderse e grazas a ASOPORCEL estase a recuperar, co que nós tamén queremos contribuir á súa recuperación. Ademais, como a nosa explotación está asentada no monte de Carballo, esta raza adaptase mellor ao monte que outras, polas súas cualidades morfolóxicas: maior capacidade de adaptación, extremidades máis fortes, mellor sistema locomotor. Moitas outras razas porcinas non están preparadas para andar e menos nos montes. E finalmente, tamén nos convence do Porco Celta o resultado, o produto final que é de excelente calidade e aporta un valor diferenciado.

## Como foi a evolución do porco na explotación?

Como comentamos, aínda non fixo un ano desde que comezamos o proxecto co cal aínda non temos resultados económicos, pero nunha primeira valoración podemos dicir que a súa adaptación no monte está sendo boa. As nosas expectativas son positivas, confiamos na raza e imos seguir adiante con ela.

**Falemos de alimentación, porque este é un tema importante para ASOPORCEL, sobre todo no que se refire ao porco de ceba. Cal é o programa alimentario que seguides neste senso?**

Utilizamos un penso ideado para complementar o que nutricionalmente non proporciona o monte. A nosa idea é que os animais aproveiten os recursos do monte e complementalos co silo correspondente. A primeira parte é moi importante: o monte ofrece moitas posibilidades, e como sabedes, o monte galego non está o aproveitado que debera. O Porco Celta, como o cabalo galego, contribúen a manter o monte limpo e a evitar incendios. A combinación na alimentación do Porco Celta dos recursos do monte co penso axeitado supoñen unha enorme mellora para os nosos animais, que ademais, ao estar ao aire libre, en continuo movemento, desenvólvense mellor e permiten obter unha carne de excelente calidade e sabor.

**En relación coa alimentación sabemos que tedes implantado na vosa explotación o sistema de reflexo condicionado: en qué consiste e que valoración fas do mesmo?**

Este sistema consiste nunha instalación automatizada no que é o depósito do silo. O sistema de alimentación baséase no principio do reflexo condicionado: cando queremos que os animais coman, soa unha sirena e ábrese a porta que dá acceso a zona de alimentación. Os animais, ao escoitar a serea saben que é o momento de comer. Unha vez comen, ábrese unha porta de saída e os animais abandonan a zona de comida. Desta forma, podemos controlar, sen necesidade de estar fisicamente no monte, cando teñen que comer. Isto supón un aforro considerable na man de obra diaria; de vez en cando acudimos a revisar que todo estea ben, e cando se acaba o penso pois reponémolo, pero non temos que ir por alí todos os días. O sistema é fácil de xestionar e moi útil para un sistema de pastoreo en extensivo.

## Cal é o fin de criar Porco Celta?

Cando comezamos o proxecto co Porco Celta tiñamos moi claro que o queríamos orientar á xente da zona. Entón, por unha banda, mercamos exemplares a pequenos criadores, co cal incentivamos que se animen á seguir adiante na súa aposta polo Porco Celta. E doutra banda, tamén vendemos exemplares aos veciños que así nolos requiren, co cal contribuímos a que o noso porco de sempre volva a estar nas cortes das casas do rural galego. O resto da nosa produción encamiñámola ás industrias cárnicas que traballan co Porco Celta en Galicia. De cara ao futuro, estamos pensando en elaborar nós algo de embutido, co obxectivo de promocionar o produto por exemplo en xornadas gastronómicas que organicemos ou nas que participemos. E se todo vai ben, incluso abrir mercado pola zona. De todas formas, dicir que este é un proxecto experimental ao que agora lle estamos a dar voltas, teremos que ver como vai nos vindeiros meses, dando pasos seguros.



**Xa que falaches antes do tema da recuperación da Raza, en qué vos axudou ASOPORCEL en relación ao Porco Celta?**

Foi precisamente a xente de ASOPORCEL, coñecedores do noso traballo co Cabalo de Pura Raza Galega quen nos animou a apostar polo Porco Celta. Ademais, nesta zona de Friol o Porco Celta perdérase hai anos e deste xeito, como dixen antes, quixemos contribuir a recuperalo nesta zona, traballando cos pequenos criadores e apostando pola produción local.

**Logo de todo o falado, que pensades dun futuro a curto prazo? Seguiredes apostando por esta nosa Raza Porcina Celta?**

Dixémolo ao comezo, aínda non cumprimos un ano co que é cedo para facer unha primeira valoración económica pero si temos claro que imos seguir adiante co Porco Celta. Temos claro que estamos ante un produto de calidade diferenciada garantida, cun sabor e unhas aportacións alimenticias excepcionais. Entón, para nós agora o aspecto económico queda nun segundo plano, prima máis o valor social, o aproveitamento de recursos naturais, a aposta polo rural.

Sabemos que non nos vai dar moitas ganancias pero tampouco perdas, e si moitas satisfaccións. Presta moito ver aos animais libres polo monte, non estabulados nunha granxa. Por iso, animamos a outras comunidades de montes a que aposten polo Porco Celta, cremos que os valores e beneficios que proporciona son moi interesantes. En resumo, estamos contentos coa Raza e con moita ilusión de cara ao futuro.



## Proxecto piloto: extracción de seme en fresco

ASOPORCEL ven de desenvolver un proxecto de investigación cofinanciado cos Fondos FEADER, consistente nunha experiencia piloto de extracción de seme en fresco da raza Porcina Celta. A experiencia levouse a cabo nas instalacións que o INORDE ten en Armariz (Ourense), e conseguíuse proporcionar aos gandeiros a posibilidade de dispor de seme refrixerado e conxelado para inseminar as súas femias.

Este punto ten unha grande importancia no Porco Celta, xa que hai un número moi alto de pequenas explotacións nas cales o mantemento dun macho para o cruce faise insostible economicamente, e dada a dispersión das explotacións na maioría dos casos non é viable recorrer a un macho doutra gandería. O banco de seme, permite aumentar a rendibilidade das explotacións, dispor dun material xenético de alta calidade mellorando as súas cabanas gandeiras, e reducir os casos de endogamia dentro da raza.

En porcos son moi escasos os bancos de seme conxelado, dada a súa dificultade de obtención e a escasa viabilidade na desconxelación, e este proxecto pode servir de base para a creación de novos bancos.

Esto permítenos, como veremos, dispor de seme conxelado e refrixerado garantindo as distintas liñas xenéticas da raza porcina Celta existentes hoxe en día, coa posibilidade de recuperalas no caso da súa desaparición, ou de melloralas mediante posteriores proxectos de mellora xenética.

Coa creación deste proxecto, cúmprense os seguintes fins:

*a) Conservación do material xenético da raza e en especial daqueles exemplares excepcionais polas súas condicións tanto xenéticas, morfolóxicas ou produtivas. Esta labor é moi importante ao tratarse dunha especie en perigo de extinción.*

*b) Servir de base a programas de inseminación artificial en produtores de Porco Celta, que contribúa a reducir os custos nas explotacións e aumente a rendibilidade das mesmas, sobre todo nas de pequeno tamaño. Este apartado, aparte do beneficio que conleva para o gandeiro supón un impulso para a raza, xa que contribúe a súa extensión, reduce as posibilidades de endogamia e promove a mellora xenética da cabana, ao poder acceder a material xenético de animais excepcionais, aínda que estes xa foran sacrificados ou morreran.*

*c) Dispor de seme, que aparte de ser empregado polos produtores de porco celta para os seus animais, poida ser comercializado para o cruce con outras razas, mellorando algunha das características das mesmas (e xerando un beneficio económico para o propietario do reprodutor), e permitindo a aparición de novos produtos obtidos destes cruces, e así se espalle o coñecemento da raza noutros territorios.*

*d) Dispor dun centro de extracción de seme que permita a venda de material xenético tanto refrixerado coma conxelado, que será o primeiro en Galicia para a raza porcina celta.*

### Resultados 2015

Con este proxecto piloto de extracción de seme en fresco, acadáronse os primeiros datos en 2015:

- Seme porcino Celta conxelado: **1.000 unidades**
- Seme porcino Celta refrixerado: **400**, repartidas nas tres clases de porco celta existentes (Santiaguesa, Barcina e Carballina).

Do mesmo xeito, as doses obtidas son actualmente empregadas pola Asociación cos seguintes fins:

- a) Inseminación de femias propiedade dos produtores da Asociación.*
- b) Comercialización para o cruce con outras razas.*
- c) Conservación dos valores xenéticos dos exemplares excepcionais da raza.*
- d) Redución das porcentaxes de endogamia, xa que permite o cruce con machos situados fora do ámbito territorial da explotación.*



# Evolución do Libro Xenealóxico



O Libro Xenealóxico da Raza Porcina Celta consta dos seguintes rexistros:


1. Rexistro de Gandarías (RG).
2. Rexistro de Nacementos (RN).
3. Rexistro Definitivo (RD).
4. Rexistro Auxiliar de Nacementos (RAN).
5. Rexistro Fundacional (RF).
6. Rexistro de Méritos (RM).

**1) Rexistro de Gandarías (RG):** para o rexistro de animais no Libro Xenealóxico é obriga previa que a gandaría a que pertencen figure inscrita no Rexistro de Gandarías.

Cada unha das gandarías deberá estar asociada cos códigos asignados no Rexistro Xeral de Explotacións Gandeiras segundo o Real decreto 479/2004, do 26 de marzo, polo que se establece e regula o Rexistro Xeral de Explotacións Gandeiras ou normativa estatal, autonómica ou comunitaria que o substitúa, xunto coa data de alta e baixa neste rexistro.

Para a inscrición dun animal en calquera dos rexistros xenealóxicos que lle corresponda, así como para o rexistro dunha gandaría no correspondente Rexistro de Gandarías, o titular ou o seu representante legal deberá solicitálo de forma expresa en impreso normalizado e aprobado para o efecto pola xunta directiva da asociación por proposta do Director Técnico.

Na seguinte gráfica pode verse a evolución do número de gandarías inscritas no Programa de Recuperación da Raza Porcina Celta ao longo destes anos de existencia de ASOPORCEL:



**2) Rexistro de Nacementos (RN):** inscribíranse as crías de ambos sexos nadas de proxenitores inscritos nos distintos rexistros, sempre que cumpran as seguintes exigencias:

a) *Que o nacemento fose comunicado antes da desteta, e identificado de acordo coa lexislación vixente en materia de sanidade animal e produción gandeira.*

b) *Que non teña defectos que lle impidan a seu posterior uso como reprodutor.*

c) *Que posúa os caracteres étnicos descritos para a raza, en ausencia de defectos de descalificación.*

Os animais inscritos neste rexistro estarán nel ata o seu traslado ao Rexistro Auxiliar ou ao Rexistro Definitivo, segundo corresponda, salvo que sexan descalificados polo director técnico da raza.

**3) Rexistro Definitivo (RD):** poderán inscribírense nel os exemplares, machos e femias, procedentes do Rexistro de Nacementos que teñan polo menos inscritos os seus catro avós, e que cumpran as seguintes exigencias.

a) *Que pertencen a unha gandaría inscrita no correspondente Rexistro de Gandarías.*

b) *Que teñan unha idade igual ou superior aos sete meses para os machos e dez meses para as femias.*

c) *Que obtivesen unha cualificación morfolóxica mínima de 50 puntos as femias e 60 puntos os machos.*

d) *Que respondan ao prototipo racial.*

e) *Que teñan un grao de desenvolvemento no momento da cualificación morfolóxica en concordancia coa idade.*

f) *Que non posúan defectos que dificulten a actividade reprodutora.*

A permanencia dos exemplares neste rexistro estará condicionada aos resultados que se aprecien no control da súa descendencia; serán dados de baixa no Libro Xenealóxico en caso de influencia desfavorable.

Igualmente causarán baixa todos os reprodutores, machos e femias, e a súa descendencia, cando poidan apreciarse neles condicións hereditarias de baixa fertilidade, fecundidade ou deficientes calidades maternais.

Os exemplares rexistrados no RD terán a consideración de femias e machos de raza pura.

**4) Rexistro Fundacional (RF):** neste rexistro estarán inscritos a título inicial os exemplares, machos e femias, sen un ou máis proxenitores rexistrados, ata a data do 20 de abril de 2001, xa inscritos de acordo coa regulamentación da Orde do 23 de outubro de 2000 pola que se aprobaba a regulamentación específica do Libro Xenealóxico da raza porcina celta.

Este rexistro está pechado á incorporación de novos exemplares.



**5) Rexistro Auxiliar (RA):** neste rexistro inscribíranse aqueles exemplares, machos e femias, a excepción dos xa inscritos no Rexistro Fundacional, que non cumpran as condicións para seren inscritos no Rexistro Definitivo e que cumpran as seguintes exigencias.

a) Que teñan unha idade igual ou superior aos sete meses para os machos e dez meses para as femias.

b) Que respondan ao prototipo racial.

c) Que manifesten un grao de desenvolvemento acorde coa idade

d) Que na súa cualificación morfolóxica obteñan unha puntuación mínima de 50 puntos as femias e de 60 puntos os machos.

e) Que non posúan defectos que dificulten a actividade reprodutora.

Os exemplares inscritos neste Rexistro Auxiliar permanecerán nel durante toda a súa vida, salvo que por filiación xenética puidesen establecerse os mesmos requisitos para a súa inscrición no RD.

**6) Rexistro de Méritos (RM):** inscribíranse neste rexistro os reprodutores máis sobresáintes da raza procedentes do Rexistro Definitivo que polas súas especiais características xenealóxicas, morfolóxicas e produtivas así o merezan a criterio do director técnico da raza.

Este rexistro constará de dúas seccións, femias e machos, e os inscritos poderán posuír os seguintes títulos:

**Sección femias:** accederán a esta sección aquelas reprodutoras que obtivesen os seguintes niveis selectivos:

a) Que obtivesen no momento da súa cualificación morfolóxica para a súa inscrición no Rexistro Definitivo unha puntuación mínima de 80 puntos.

b) Contar cun mínimo de vinte e cinco descendentes inscritos no Rexistro Definitivo.

c) Teren verificado o primeiro parto antes dos quince meses de idade.

d) Contaren cun mínimo de cinco descendentes inscritos no Rexistro de Nacementos, dos cales dous deberán estar inscritos no Rexistro Definitivo.

Estas femias obterán o título de reprodutora de mérito.

**Sección machos:** accederán a esta sección aqueles machos reprodutores que procedan de reprodutora de mérito e que obtivesen os seguintes niveis selectivos:

a) Teren obtido no momento da súa cualificación morfolóxica para a súa inscrición no Rexistro Definitivo unha puntuación mínima de 85 puntos.

b) Contar con vinte descendentes inscritos no Rexistro de Nacementos e, deles, 10 inscritos no Rexistro Definitivo.

Estes machos obterán o título de castizo de mérito.


**7) Rexistro de selección:** este rexistro será implementado polo director técnico da raza para poder ingresar, controlar e seleccionar animais que poidan e/ou deban ser escollidos por determinados caracteres de interese para o futuro da raza.

a) Poderase crear un rexistro de selección fundacional onde se poderán albergar animais que manteñen as características orixinais e máis arcaicas da raza, para que a evolución da raza que fan os gandeiros coa presión de selección non afecte e poder salvagardar certas características fenotípicas de interese.


b) Poderase crear un rexistro de selección por control de rendementos tanto a nivel produtivo e/ou reprodutivo segundo o criterio técnico que determine o director técnico da raza porcina celta.

## Evolución dos censos rexistrados no Libro Xenealóxico


Na seguinte gráfica amósanse a evolución das ganderías dende que comezou o seu traballo ASOPORCEL:



En canto a poboación total apreciase un lixeiro incremento, con respecto ao ano 2014, no número de reprodutores:



Na seguinte gráfica mostrase a porcentaxe dos nacementos rexistrados por provincias durante o ano 2015:



## Balance económico: ano 2014

As contas que a continuación detallaremos foron aprobadas por unanimidade na asemblea de socios celebrada en xuño de 2015:

Pagos e gastos		Ingresos	
Crotais	-7.128,46 €	Adianto do Libro Xenealóxico	13.600,00 €
Galeno	-1.468,27 €	Fondo Galego de Garantía Agraria	96.161,33 €
Devolución préstamos BBVA	-14.400,00 €	Ingreso CMVMC Nebra	25.131,50 €
Gastos bancarios	-601,39 €	Convenio Consellería Medio Rural	59.575,22 €
Devolucións axudas (pendente resolución)	-17.340,53 €	Subvención Deputación	3.000,00 €
Gastos oficina	-5.167,23 €	Cuotas socios	8.750,00 €
Nóminas persoal + Seguridade Social		Libro Xenealóxico (2014)	1.890,00 €
Director Técnico	-45.121,72 €	Outros ingresos	8.227,00 €
Veterinario César	-6.281,08 €	Préstamo José Antonio Carril	16.500,00 €
Veterinario Iván	-23.513,28 €	Póliza Banco Pastor	20.000,00 €
Administrativa Pilar	-18.033,00 €	Préstamo pago cuotas Abanca	6.780,00 €
Veterinarios colaboradores	-3.650,00 €	Aportación Soutos Galegos	11.000,00 €
Servizos Externos	-9.680,00 €		
Gastos proxectos	-117.626,20 €		
Dietas e outros gastos	-1.326,90 €		
<b>TOTAL GASTOS</b>	<b>-271.338,13 €</b>	<b>TOTAL INGRESOS</b>	<b>270.625,25 €</b>
<b>RESULTADO EJERCICIO ANO 2014</b>		<b>-712,68 €</b>	

## Contas exercicio 2015

Pagos e gastos		Ingresos	
Compras e traballos sub.	18.125,10 €	Cuotas socios	8.937,00 €
Gastos de persoal	94.804,27 €	Ingresos varios	29.399,29 €
Outros gastos de explotación	58.592,59 €	Subvencións totais	122.975,68 €
Gastos financeiros	2.453,61 €		
<b>TOTAL GASTOS</b>	<b>173.975,57 €</b>	<b>TOTAL INGRESOS</b>	<b>161.311,97 €</b>
<b>RESULTADO EJERCICIO ANO 2015</b>		<b>-12.663,60 €</b>	

### Balance de situación a 31/12/2015

ACTIVO		PASIVO	
Inm. material	47.242,54 €	Resultado exercicio	-12.663,60 €
Deudores	1.500,00 €	Resultados anteriores	-7.013,09 €
Caixa	8.065,00 €	Deudas con bancos e préstamos diversos	57.706,14 €
Bancos	53,33 €	Salarios (mes decembro)	4.622,12 €
	37.624,21 €	H.P. Acreedora retencións	2.515,30 €
		Tes. Seguridade Social	2.075,67 €



# Medio Rural e ASOPORCEL renovarán a súa colaboración

Medio Rural e Asoporcel renovarán a súa colaboración na recuperación, conservación e fomento do Porco Celta. A Consellería do Medio Rural tramitará un novo convenio de colaboración con ASOPORCEL para a recuperación, conservación e fomento desta raza autóctona. Así o trasladou a directora xeral de Gandería, Agricultura e Industrias Agroalimentarias, Belén do Campo, ao noso director técnico, José Antonio Carril o pasado mes de decembro de 2015.

O departamento que dirixe Ángeles Vázquez financiará parcialmente o custe das actividades obxecto do convenio cun total de 320.000 euros, a razón de 80.000 euros anuais durante os anos 2016 a 2019. Pola súa parte, Asoporcel financiará o resto dos custos derivados das diferentes actuacións previstas.

Con este convenio, a Asociación de Criadores será a encargada de seguir coa realización do inventariado, caracterización e avaliación dos censos da raza Porco Celta. Ademais, manterá o asesoramento na selección e mantemento da variabilidade xenética dos rabaños,

realizando un estudo da raza e as súas potencialidades enfocado cara aos novos modelos de produción e comercialización.

Pola súa parte, a Consellería participará activamente en todas as actuacións do convenio, custodiando os bancos xenéticos da raza e realizando as probas necesarias no laboratorio do Centro de Recursos Zoonéticos de Galicia. Así mesmo facilitará a ASOPORCEL a información das súas bases de datos que sexa necesaria para o desenvolvemento dos traballos.

Ambas entidades deberán divulgar as aptitudes desta raza autóctona en perigo de extinción, así como os valores comerciais dos seus produtos e garantir a accesibilidade aos inventarios de recursos xenéticos da raza por parte dos criadores, entre outras actuacións.

## Auditoría de ASOPORCEL

Como moitos dos nosos socios saben, na Asemblea Xeral ordinaria celebrada o pasado mes de xuño de 2015 en Silleda, na cal foron aprobados todos os puntos da orde do día por unanimidade, incluídas as contas do ano 2014 e o orzamento para 2015, tamén se aprobou levar a cabo unha auditoría de ASOPORCEL.

Pois ben, na vindeira xunta directiva de Asoporcel que terá lugar o vindeiro sábado 6 de febreiro, presentaranse 3 ofertas de auditoría de tres entidades contrastadas e será nese momento cando se escolla cal das 3 é a mellor oferta para a Asociación. Unha vez decidida, comunicaráselles a decisión aos socios e socias de ASOPORCEL.

## Soutos Galegos

A empresa SOUTOS GALEGOS naceu no ano 2008 para apoiar o traballo de ASOPORCEL, en concreto para levar o control e seguimento da trazabilidade das canais de Porco Celta, xa que a Asociación por si mesma non pode desenvolver certas tarefas. Hoxe Soutos Galegos conta cunha ampla experiencia no sector do porcino Celta, sendo colaboradora habitual de ASOPORCEL.

Entón, a actividade que ano a ano Soutos Galegos desenvolveu e desenvolve para ASOPORCEL consiste no control, vixilancia e defensa da marca europea rexistrada "PORCOCELTA". Para elo, acude aos matadoiros a fin de controlar as canais así como proceder ao seu precintado, e vela pola vixilancia da trazabilidade dos produtos de Porco Celta.

En concreto, procede ao rexistro de datos: número de canal, crotal, peso, número do precinto dos dous xamóns e os dous lacóns de Porco Celta, así coma a toma de datos do animal, do gandeiro que o envía e do produtor que o elabora; é dicir, Soutos Galegos vela pola trazabilidade e correcto etiquetado do produto final de Porco Celta.

## Enlaces a axudas abertas en prazo para o campo

Presentación solicitudes: **01/05/2016-31/05/2016** | MR240D Solicitud de modificación da solicitude única de axudas PAC/DR 2015  
<https://sede.xunta.es/detalle-procedemento?codCons=MR&codProc=240D&procedemento=MR240D>

Presentación solicitudes: **01/02/2016-31/05/2016** | MR239K Solicitud de modificación do sistema de información xeográfica de parcelas (SIXPAC)  
<https://sede.xunta.es/detalle-procedemento?codCons=MR&codProc=239K&procedemento=MR239K>

Pres. sol.: **01/02/2016-30/04/2016** | MR250A Pagamentos directos agricultura e gand. e axudas desenv. rural suxeitas ao sist. integrado de xest. e control  
<https://sede.xunta.es/detalle-procedemento?codCons=MR&codProc=250A&procedemento=MR250A>

Presentación de solicitudes: **30/01/2016 - 29/02/2016** | MR605A Fomento da silvicultura en bosques no medio rural  
<https://sede.xunta.es/detalle-procedemento?codCons=MR&codProc=605A&procedemento=MR605A>

Presentación de solicitudes: **30/01/2016 - 29/02/2016** | MR670B Fomento da primeira forestación de terras non agrícolas  
<https://sede.xunta.es/detalle-procedemento?codCons=MR&codProc=670B&procedemento=MR670B>

Pres. sol.: **23/01/2016 - 22/02/2016** | MR651A Axudas para a prevención dos danos causados aos bosques por incendios, desastres naturais e catastrofes en montes veciñais en man común e Sofor (Liña I: subvencións para o control selectivo de combustible)  
<https://sede.xunta.es/detalle-procedemento?codCons=MR&codProc=651A&procedemento=MR651A>

Presentación de solicitudes: **18/01/2016 - 18/03/2016** | MR404A Axudas á incorporación de mozos/as á actividade agraria  
<https://sede.xunta.es/detalle-procedemento?codCons=MR&codProc=404A&procedemento=MR404A>

Presentación de solicitudes: **29/12/2015 - 11/02/2016** | MT809B Axudas económicas para paliar os danos producidos polo lobo  
<https://sede.xunta.es/detalle-procedemento?codCons=MT&codProc=809B&procedemento=MT809B>



# Porco Celta: Raza 100% Autóctona Celta

ASOPORCEL está tramitando a través da Xunta de Galicia a consecución do logotipo “Raza Autóctona 100% Celta” que será aplicado no etiquetado dos produtos derivados da raza porcina Celta autóctona de Galicia, segundo o establecido no Real Decreto 505/2013, do 28 de Xuño, polo que se regula o uso de devandito logotipo nos produtos de orixe animal.

Cabe mencionar que os produtos derivados desta raza porcina comercialízanse baixo o amparo da Marca Colectiva “PORCOCELTA”, inscrita na Oficina Española de Patentes e Marcas, e rexistrada a nivel europeo. Coa aprobación do novo logotipo, este acompañará ao logo de marca mencionado.

## Ámbito de aplicación do logotipo

O ámbito de aplicación deste logotipo comprenderá todas as fases do proceso de elaboración dos produtos derivados dos animais porcinos de raza Celta e, xa que logo, será de aplicación a nivel de:

**Producción Primaria:** en explotacións de nacemento, cría e cebo de animais da especie porcina de raza Celta. Nas que os animais vivirán en liberdade ou semiliberdade e aportaráselles unha alimentación sa e natural, fundamentalmente a base de mesturas de cereais triturados, froitos secos e outros produtos da terra. Admitiranse pensos autorizados, sempre que non leven compostos medicamentosos.

**Transformación:** atinxe a matadoiros, salas de despece e industrias e elaboradoras. Ditas instalacións deberán cumprir as condicións técnico-sanitarias esixidas na lexislación vixente. Nos matadoiros manterase unha perfecta separación dos porcos de raza Celta daqueles outros exemplares. O seu sacrificio e despece non poderá ser simultáneo aos exemplares que non pertencen a esta raza. En industrias de elaboración de embutidos e similares cada unha debe ter a súa propia receita, que desenvolverá cos mellores ingredientes do mercado para obter produtos da máxima calidade.

**Comercialización:** No que se refire aos puntos de venda, estes poderán ser oficinas de despacho das propias salas de despece e elaboración autorizadas por ASOPORCEL, ou clientes destas. Ou ben, aqueles establecementos que soliciten a ASOPORCEL a alta para a venda de produtos ao detalle.

A relación de operadores autorizados por ASOPORCEL para o uso do logotipo “RAZA AUTÓCTONA 100% CELTA” estará dispoñible e permanentemente actualizada na páxina web da asociación: [www.asoporcel.es](http://www.asoporcel.es).

## Trazabilidade

En todas as etapas do proceso de produción, transformación e distribución dos alimentos deberá asegurarse a trazabilidade. E os explotadores das empresas alimentarias deberán dispoñer de sistemas que permitan asegurar dita trazabilidade.

Sen menoscabo dos sistemas de trazabilidade de que dispoñan as explotacións, matadoiros, industrias e puntos finais de venda, os produtos amparados polo logotipo “RAZA AUTÓCTONA 100% CELTA” cumpriran ademais cun sistema adicional de seguimento.

Este sistema adicional contempla o rexistro de todas as explotacións no Libro Xenealóxico da Raza Porcina Celta, así como a identificación individual desde o seu nacemento e mediante crotais auriculares de todos os animais e a súa inscrición nos rexistros de devandito libro.

Nos matadoiros, persoal autorizado identificará as catro extremidades da canle con precintos numerados xerando o oportuno rexistro documental, no que se correlacionarán estes precintos co número de canle, crotal e explotación de procedencia do animal. De forma que os futuros xamóns, lacóns e paletas estarán precintados e numerados individualmente desde esta fase. Todos os operadores implicados serán responsables do seu control e trazabilidade.

No que se refire a industrias elaboradoras e puntos de venda, os produtos elaborados identificaranse con etiquetas numeradas e os despieces de venda en fresco identificaranse con marchamos numerados. Todos os operadores implicados serán responsables do control e trazabilidade deste etiquetado.

Así, os sistemas de etiquetado descritos e actualmente en uso como parte do seguimento e control da trazabilidade dos produtos amparados pola marca “PORCOCELTA”, estarán acompañados do logotipo “RAZA AUTÓCTONA 100%”.

## Seguimento e vixilancia

Desde a Asociación levarase un control de todo o sistema de identificación: ASOPORCEL, como titular e cesionaria do uso do logotipo “Raza Autóctona 100%” por parte do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, velará pola correcta utilización do mesmo no etiquetado dos produtos. Para o que establecerá un sistema de autocontrol propio en todos os niveis da cadea de produción así como a aplicación dun réxime disciplinario para todos aqueles que incumpran a normativa de uso da marca.

Esta verificación será levada a cabo polo persoal técnico da propia Asociación e/ou polo persoal técnico ou empresas autorizadas por ASOPORCEL.